



A diversidade lingüística é un tesouro que debemos preservar. Non obstante, as linguas minorizadas, como o galego, enfróntanse a numerosos prexuízos que dificultan a súa supervivencia. Un **prexuízo** común, como se ve na viñeta, é a crenza de que é de mala educación responder en galego

cando alguén che fala en castelán. Este tipo de pensamento non só é erróneo, senón que tamén contribúe á desaparición de culturas e identidades únicas.

Na viñeta, o personaxe máis novo afirma que responder en galego é de mala educación, mentres que o ancián desmonta este prexuízo ao suxerir que a verdadeira mala educación é non respectar a lingua do outro. Esta interacción reflicte unha actitude de superioridade da **lingua dominante** e imposta historicamente, o castelán, sobre a **lingua minorizada** e propia do país, o galego, e amosa como os prexuízos lingüísticos poden ser transmitidos de xeración en xeración.

Vivir nun territorio plurilingüe, como Galiza, é unha riqueza que debemos valorar. A convivencia de varias linguas nun mesmo espazo fomenta a tolerancia, o respecto e a comprensión entre culturas diferentes. Ademais, o plurilingüismo enriquece o noso coñecemento e abre portas a novas oportunidades tanto persoais como profesionais. É fundamental promover o uso do galego en todos os ámbitos e educar á sociedade sobre a importancia da diversidade lingüística e neste proceso a educación xoga un papel crucial. É necesario que as novas xeracións, de orixe galega ou non, aprendan a valorar e utilizar o galego con orgullo, recoñecendo o seu valor intrínseco e a súa capacidade para transmitir coñecemento en calquera campo.